



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “ANTEPROXECTO DE LEI DE REHABILITACIÓN E DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de decreto polo que se regula a artesanía alimentaria”, emite o seguinte:

INFORME

1.Marco normativo e competencial

A normativa estatal está constituída polo Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Este texto refundido fundaméntase, como recolla a súa Disposición final segunda, en determinados títulos competenciais estatais como os seguintes:

- Establecemento das condicións básicas da igualdade no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos correspondentes deberes constitucionais, e, no seu caso, de bases do réxime das Administracións Públicas, da planificación xeral da actividade económica, de protección do medio ambiente e do réxime enerxético (competencias reservadas ao lexislador xeral no artigo 149.1.1ª, 13ª, 23ª y 25ª da Constitución).
- Competencia sobre lexislación civil, procedemento administrativo común e expropiación forzosa e sistema de responsabilidade das Administracións Públicas (artigo 149.1.8ª y 18ª da Constitución).

Bases da planificación xeral da actividade económica (artigo 149.1.13ª da Constitución), sen prexuízo das competencias exclusivas sobre solo e urbanismo que teñan atribuídas as Comunidades Autónomas.

- Lexislación procesual (artigo 149.1.6ª da Constitución).

Sobre a base dos anteditos fundamentos constitucionais, o artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece como competencia exclusiva da comunidade Autónoma a “ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda”.



2. Necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia

O artigo 37 a) da Lei 14/2013 de 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico establece no seu artigo 37 a) que en todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación das mesmas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

Así mesmo a Lei 29/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que *“En el ejercicio de la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria, las Administraciones Públicas actuarán de acuerdo con los principios de necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia. En la exposición de motivos o en el preámbulo, según se trate, respectivamente, de anteproyectos de ley o de proyectos de reglamento, quedará suficientemente justificada su adecuación a dichos principios”*.

A xustificación do seguimento destes principios atópase recollida no informe do director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo do 27 de novembro de 2017.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

O 10 de novembro de 2017 iniciouse o proceso de elaboración da norma ao expoñer na páxina de Transparencia a consulta pública previa deste anteproxecto.

Constan no expediente os seguintes trámites:

- Acordo de inicio (art. 6 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.



- Memoria xustificativa sobre a legalidade, acerto e oportunidade e sobre a adecuación da iniciativa aos principios previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico.
- Memoria económico-financeira.
- Publicidade nos termos previstos no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Trámite de audiencia a determinadas administracións, corporacións ou entidades.
- Informe sobre os trámites de consulta pública e audiencia, no que se analizan as alegacións presentadas.
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos.
- Informe sobre impacto de xénero.
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

4. Contido e estrutura

A lei consta dun título preliminar e catro títulos, distribuídos en 121 artigos, dúas disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha derogatoria e seis disposicións finais.

Entre a regulación da lei hai que destacar as seguintes:

- Previsións de actuacións no medio urbano, de acordo coa normativa estatal básica;
- A tramitación simplificada das modificacións puntuais do planeamento para intentar axilizar as actuacións de rehabilitación;
- Créanse as áreas Rexurbe co plan de dinamización como eixo central e os centros Rexurbe como figura clave destas áreas, posibilitando ademais actuar con urxencia a través da figura das ZER (zonas de especial necesidade de rehabilitación);
- Créanse mecanismos para obrigar aos propietarios a cumprir coas súas obrigas de conservación, mantemento e rehabilitación, regulando as ordes de execución, venda, substitución e expropiación forzosa;
- Establecese o canon de inmobles en estado de abandono e se regula a posibilidade de introducir, sempre que existan dispoñibilidades orzamentarias, unha serie de medidas de financiación das actuacións, que posibiliten un amplo abano de actuacións que incentiven a inversión pública e privada.



5. Legalidade

Trala emisión do ditame preceptivo polo Consello Económico e Social, consonte co establecido no artigo 5.1.1.a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, por tratarse dunha norma que regula materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, o proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titulares desta Consellería e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, para a súa posterior remisión ao Parlamento de Galicia para a súa definitiva aprobación.

De acordo co indicado considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade, compróbase que se cumpriron tódolos tramites preceptivos, polo que se informa favorablemente.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

A secretaria xeral técnica



Carmen Bouso Montero